


Comencer



REAL SEMINARIO CONCILIAR DE STA. CATALINA - MONDOÑEDO (Lugo)

ANO XXIX - NÚMERO 212

xaneiro - marzo 2011



A M E N C E R

edita:

**REALSEMINARIO CONCILIAR
DE SANTA CATALINA**

Praza do Seminario, 1
Apartado, 2
27740 - **MONDOÑEDO** (Lugo)

director:

DAVID MACHADO MONTERO, 4º ESO

subdirector:

ROBERTO GONZÁLEZ DOPICO, 3º ESO

redactor xefe:

MIGUEL A. RUBAL PALACIOS, 4º ESO

consello de redacción

ALVARO BARRERA RUBIÑOS, 4º ESO

DAVID OTERO LÓPEZ, 3º ESO

LUIS TORREIRA GARCÍA, 2º ESO

MARC SILVA CELMA, 2º ESO

BRAULIO CASAVELLA AMIEIRO, 1º ESO

JUAN JOSÉ MONTOUTO CHAVEZ, 1º ESO

profesores responsables:

OSCAR SANTIAGO SANMARTÍN

FÉLIX VILLARES MOUTEIRA

número 212

xaneiro - marzo

2011

sumario

. tapa: *homenaxe a don Paco
Fernández del Riego*

. taboleiro, 1

. a xeito de cancela, 2

. don Paco: vida e obra, 3

. falamos con...

don Francisco Domínguez, 9

. colaboracións:

- Félix Villares Mouteira,
*In memoriam. Don Paco,
un home bo e xeneroso, 19*

- Armando Requeixo,
*Francisco Fernández del
Riego e Xosé Díaz Jácome:
crónica dunha amizade, 21*

. don Paco e Amencer, 25

. colaboraron, 32

depósito legal: LU -1609-82

A XEITO DE CANCELA

Amencer comeza un novo ano da súa andaina -o ano XXIX-. Neste curso 2010-2011, debido á crise, publicaremos un número cada trimestre. Agardamos que para o vindeiro curso xa poida saír cada dous meses tal e como se viña publicando nos últimos anos.

Este número vai dedicado por enteiro a unha das figuras máis senlleiras da nosa cultura: a don Francisco Fernández del Riego, finado a finais do pasado mes de novembro e colaborador de Amencer en varias ocasións (sempre que se lle pediu).


A conversa mantida con don Francisco Domínguez, Diorector da Fundación Penzol de Vigo e gran coñecedor de don Paco, achéganos un pouco á súa figura.

Tamén as dúas colaboracións nos aproximan a diversos aspectos da súa obra e da súa persoa. A colaboración de Armando Requeixo vai ilustrada con fotografías que o propio autor nos enviou.

Pecha este número o apartado «Don Paco en Amencer» no que se dá conta das colaboracións súas na nosa revista. Neste sección reproducimos a primeira e a derradeira colaboración de don Francisco. Por certo a súa derradeira colaboración foi feita ano e medio antes do seu pasamento.

Por último, cómpre sinalar outra novidade: a partir deste número, a revista Amencer pode consultarse na páxina web www.mondonedoferrol.org

a redacción



Rotulou:

ADRIÁN CARBALLEIRA MONTENEGRO, 2º ESO

Nestas páxinas que seguen imos facer un achegamento á traxectoria vital de don Paco



Rotulou: DAVID OTERO LÓPEZ, 3º ESO

Francisco Fernández del Riego naceu na parroquia de Santa María de Vilanova de Lourenzá o sete de xaneiro de 1913. Na súa pequena vila natal fai os primeiros estudos que continuará, como alumno libre, no Instituto de Lugo e que vai rematar en Monforte de Lemos no colexio dos PP. Escolapios.

En 1930, comezou os estudos de Dereito na Universidade de Madrid, estudos que continuará desde outubro de 1931 na

Universidade Santiago de Compostela, onde iniciará os de Filosofía e Letras. Foi delegado escolar nas facultades de Dereito e de Filosofía e Letras e tamén representante dos estudantes na Xunta de Goberno da Universidade. Despois de licenciarse en Dereito, incorporouse á Facultade de Dereito, como profesor axudante encargado da cátedra de Dereito Civil.

Durante a súa estadía en Santiago, ademais de colaborar co Seminario de Estudos Galegos, co Comité de Cooperación Intelectual e coa Fundación Universitaria Española, dirixiu a revista *Universitarios*.

Foi militante do Partido Galeguista desde a súa fundación e secretario xeral da Federación de Mocidades Galeguistas. En 1932 foi elexido secretario xeral da agrupación Ultreya. Participou, en 1935, na constitución de Galeuzca. En xullo de 1936 era o delegado do Partido Galeguista no Comité da Fronte Popular en Santiago.

Despois da Guerra Civil foi destituído como profesor universitario, inhabilitado para o ensino e sancionado polo Tribunal da Orde Pública. Durante un tempo estivo escondido, acolléndose á mobilización forzosa para protexerse da persecución. Unha vez acabada á Guerra pasou a vivir na cidade de Vigo e alí exerce o ensino privado.



En 1950 promove, con outros intelectuais, a creación da Editorial Galaxia, sendo secretario do Consello de Administración. En novembro de 1960 foi elexido membro numerario da Real Academia Galega, na que ingresou co discurso *Un país e unha cultura. A idea*

de Galicia nos nosos escritores. Fernández del Riego levou adiante un importante labor na Real Academia Galega: propuxo, en marzo de 1963, a celebración do Día das Letras Galegas. Desde novembro de 1997 e durante catro anos foi o presidente da Academia. Cando foi elixido declarou a Amencer que a súa elección era: «Un novo servizo á cultura galega, como tantos outros que lle vin prestando en ámbitos diferentes ó longo da miña vida. Está no meu ánimo imprimirlle novo dinamismo á Academia, de acordo co espírito fundacional, e co traballo en equipo dos integrantes da Xunta de Goberno».

Desde o ano 1964 dedicouse á Biblioteca da Fundación Penzol de Vigo da que foi director ata decembro de 2009. Na década dos anos noventa, deulle ó seu concello nativo uns catrocentos libros, que están na biblioteca Juana de Ibarborou na que hai unha sala que leva o seu nome e que el inaugurou no ano 2001. En xaneiro de 1995 deulle ó pobo de Vigo a súa biblioteca persoal con máis de vinte e cinco mil volumes e que está na Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego na Casa da Cultura da cidade olívica.

O pasamento de Francisco Fernández del Riego tivo lugar o pasado vinte e seis de novembro de dos mil dez na súa casa de Vigo.



Rotulou: BRUNO ESTEVES FERNÁNDEZ, 3º ESO

Francisco Fernández del Riego desenvolveu unha intensa e longa actividade cultural practicamente ata os seus últimos días.

Comezou a súa actividade literaria no semanario *Vallibria*, que dirixía en Mondoñedo Xosé Traperero Pardo, no que colaboraron, entre outros, Alvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño. Colaborou nos xornais *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Heraldo de Galicia*, *La Noche*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* (xornal na que publicou un artigo semanal ata tres meses antes do seu pasamento).

Colaborou nas revistas *Nós*, *Alento*, *Galicia*, *Galicia Emigrante*, *Grial* -da que foi codirector- *Industrias Pesqueras*, *Industrias Conserveras* e tamén na nosa revista *Amencer*. Participou na *Gran Enciclopedia Gallega*.

Ademais de asinar as colaboracións co seu nome, tamén utilizaba os pseudónimos de *Salvador Lorenzana*, *Cosme Barreiros*, *Adrián Solovio* e *Adrián Soutelo*.

Na súa obra salientan:

1) **os ensaios:** *Cos ollos no espírito*; *Danzas populares gallegas*; *Galicia no espello*; *Historia da literatura galega*; *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos*; *Escolma de poesía galega. O século XIX*; *Poesía galega. Do dezanove aos continuadores*; *Diccionario de escritores galegos*, e *Letras do noso tempo*.

2) **as monografías sobre autores galegos:** *A xeración Galaxia*; *O señor da casa grande de Cima de Vila*; *Antolín Faraldo, o gran soñador*; *Con Pondal en Bergantiños*; *O padre Sarmiento e Galicia*, e *O río do tempo. Unha historia vivida*.

3) **os libros de viaxes:** *As peregrinacións xacobeas*; *A pegada das viaxes*; *Portugal norteño*; *Vigo sentimental. (A cidade vivida por Francisco Fernández del Riego)*; *Pontevedra sentimental*; *Ourense sentimental*; e *A Coruña sentimental*.

Entre os libros máis recentes cómpre citar: *O cego de*

*Pumardedón; Desde a miña fiestra; Camiño andado: memorias; Sinais dunha cultura, e Lourenzá. Tamén publicou a correspondencia con Alvaro Cunqueiro co título *Cartas ao meu amigo. Epistolario Mindoniense*.*

Dentro do seu labor cultural é necesario salientar o seu influxo para que Alvaro Cunqueiro escribise varios libros en galego. Neste senso dixo en Amencer: «*Eu fun o que influíu dun xeito decisivo para que escribise a obra narrativa en galego e fun, pouco a pouco, arrincándolle folios dese libro que se chama 'Merlín e familia' e tamén de 'As Crónicas do Sochantre' e de 'Si o vello Sinbad volvese ás illas'. Son tres obras fundamentais da literatura galega que el escribiu*».



Rotulou: XAIRO FORMOSO PENA, 3º ESO

Foron moitos os premios e distincións que recibiu ó longo da súa vida. Así cómpre sinalar: O Pedrón de ouro, a Medalla Castelao, o Premio de Creación Cultural da Xunta de Galicia, o Premio Trasalba, a Medalla de Ouro de Galicia, a Medalla de Ouro da cidade de Vigo, Premio Celanova - A Casa dos poetas, a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago, e o Premio do Centro Galego de Bos Aires. Foi nomeado Doutor honoris causa pola Universidade de Vigo, Galego Egrexio dos Premios da Crítica de Galicia e Fillo Predilecto do Concello de Lourenzá, onde ten unha rúa dedicada. Na cidade de Vigo unha praza leva o seu nome na que hai unha escultura co seu busto.

Don Paco foi un home que amou profundamente a Galicia. En declaracións a Amencer, dixo: «*Galicia é a terra onde nacín. É unha unidade histórica, xeográfica e cultural, cunha lingua de seu. Para min, representa as raíces fundamentais do meu ser*».

Defendeu e promocionou sempre a Lingua Galega e loitou por ela en momentos ben difíciles, pero xempre con optimismo e sen vitivismo. «*Eu fun sempre optimista. Nos momentos máis difíciles, nos momentos máis comprometidos, eu sempre pensei que o idioma galego ía a pervivir e, a medida que pasa o tempo, esta confirmación realízase*» -declararía na nosa revista.

Escribiron:

- . MIGUEL ANGEL RUBAL PALACIOS, 4º ESO
- . GUILLERMO RUBAL POMBO, 4º ESO





Rotulou:
ALVARO BARRERA RUBIÑOS, 4º ESO

Francisco Domínguez,
director da Fundación Penzol

«A Galicia de hoxe non sería igual sen o labor de Francisco Fernández del Riego»

«Dende moi novo entregouse á loita de dignificación da lingua e do país e sempre permaneceu nesa tarefa cunha esperanza moi proactiva de conseguir unha Galicia máis dona de seu»

Don Francisco Domínguez é o director da Fundación Penzol de Vigo. Estivo moitos anos a carón de don Paco, a quen substituiu na dirección. Ninguén mellor ca el o coñecía. Por iso quixemos falar con el.



- ¿Cómo era don Paco como persoa? ¿Qué salientaría da súa personalidade?

- D. Paco era unha persoa dunha persoa moi acusada e cun rasgos moi definidos. Traballador incasable, entregado de cheo á causa de Galicia, constante e metódico no seu traballo. Se algo se lle poñía difícil el non desfalecía e seguía traballando para conseguilo. Era moi xeneroso e bo, cuns principios éticos ben afortalados.

Era moi xeneroso e bo, cuns principios éticos ben afortalados.

- Da súa maneira de ser ¿que é o que máis lle chamou a atención?

- A súa fe en Galicia e no seu pobo. Dende moi novo entregouse á loita de dignificación da lingua e do país e sempre permaneceu nesa tarefa cunha esperanza moi proactiva de conseguir unha Galicia máis dona de seu.

- ¿Que afeccións tiña?

- Dende moi novo, xa nos escolapios

de Monforte, a súa afección preferida era a lectura. Dispuña dunha importante Biblioteca de literatura que lle permitiu facer nos xornais críticas literarias de todo tipo de autores da literatura mundial. A súa Biblioteca doouna ao pobo de Vigo. Debecía polo fútbol e non fallaba nos partidos do Celta que se xogaban en Vigo. Afección que acompañaba fumando un bo puro. Gostaba moito dos Montecristo número 4. Tamén era un gran camiñante. Nos veráns percorría a diario dúas veces praia América (Arealonga) no seu veraneo de Nigrán o que viña supoñer perto duns seis kms. Entre as súa debilidades figuraba a boa mesa, o marisco, o peixe e o bo viño.

A súa afección preferida era a lectura



Debuxo de XAIROFORMOSOPENA, 3º ESO

- **¿Era un home relixioso?**

- A pesares de que co gallo da súa morte houbo quen dixo que era agnóstico, D. Paco asistía semanalmente á misa dominical. Cando en Vigo, aló pola segunda metade dos anos 1960, comenzou a liturxia en galego, Francisco Fernández del Riego e a súa dona

A pesares de que co gallo da súa morte houbo quen dixo que era agnóstico, D. Paco asistía semanalmente á misa dominical.

Non era un cristián activista, pero sen dúbida era creente e en grande medida practicante na asistencia á Eucaristía

A Galicia de hoxe non sería igual sen o labor de Francisco Fernández del Riego

Evelina Herbella, sempre acodían ás misas en galego, sobre todo nas que se celebraban na igrexa das Trinitarias de Vigo, promovidas polo xesuíta Padre Seixas. No seu testamento deixou disposto a celebración do funeral católico do seu pasamento na súa parroquia, a concatedral de Santa María en Vigo. Non era un cristián activista, pero sen dúbida era creente e en grande medida practicante na asistencia á Eucaristía.

- Segundo a súa opinión ¿cal foi o labor de don Francisco a prol de Galicia?

- A Galicia de hoxe non sería igual sen o labor de Francisco Fernández del Riego. El foi quen despois da guerra civil, naqueles anos escuros e duros, sobre todo para os vencidos, tomou a firme decisión de poñer en marcha a actividade política do Partido Galeguista no interior. Castelao e moitos outros galeguistas que non foron fusilados ou paseados, estaban no exilio. Foi tamén quen nos anos 1950 decide con Xaime Isla e Ramón Piñeiro e outros persoeiros do galeguismo fundar a Editorial Galaxia, para desenvolver un labor de concienciación a prol da nosa lingua e dos nosos valores. Era difícil facer política na ditadura franquista e optouse pola acción cultural que servira de base para a reconstrución do noso país galego. Sen o labor de Galaxia, e polo tanto de don Paco, o sentimento que hoxe temos como pobo diferenciado e dono de nós, non sería concebible. A súa presenza na Real Academia Galega tamén tivo enorme repercusión, nos tempos en que foi académico, e

máis tarde cando ocupa a súa presidencia. El foi quen propuxo a celebración anual do Día das Letras Galegas, cada 17 de maio, recordando aquela data tan importante no rexurdimento da nosa lingua como foi a saída á luz de Cantares Gallegos, o 17 de maio de 1963, no obradoiro Companel de Vigo. Eu diría, sen temor a engano, que a cultura actual galega e a nosa conciencia como pobo teñen hoxe un dos seus piares máis significativos en Paco del Riego.

- ¿Cre que se valorou e se valora o labor feito por don Paco?

- A verdade é que en vida tivo moitos recoñecementos de todo tipo: a Medalla de Ouro de Galicia, Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, premio Pedrón de Ouro, Medalla Castelao, Galego Egregio, Medalla de Ouro de Galicia,... Cando falece, a mesma Xunta de Galicia faille unha Homenaxe oficial en Santiago, o día 1 de decembro de 2010, e en Vigo, o 14 de Xaneiro de 2011, a Fundación Penzol e a Editorial Galaxia organizan un acto de recoñecemento con asistencia de perto de 400 persoas. Recentemente, o 19 de febreiro de 2011, a Asociación de Escritores en Lingua Galega distíngueo como un dos Bos e Xenerosos nun acto celebrado na Fundación Penzol de Vigo. Como se ve son moitos os recoñecementos que se lle fixeron e seguen a facer, non obstante compre que se estude a súa obra e a súa vida para poder valorar e aproveitar como paradigma o que

Eu diría, sen temor a engano, que a cultura actual galega e a nosa conciencia como pobo teñen hoxe un dos seus piares máis significativos en Paco del Riego

el fixo e a súa entrega total á causa de Galicia. O ano 2013 será o ano do centenario do seu nacemento, agardemos que para aquela, ademáis dos actos de recoñecemento, vexan a luz estudos sobre o seu labor. Ese será o mellor recoñecemento, que ademáis servirá de exemplo de entrega para as xeracións presentes e futuras na súa construción dunha Galicia mellor.

- Vostede coñeceu moi de preto a don Francisco ¿como foi a súa relación de amizade con Alvaro Cunqueiro?

Cómpre que se estude a súa obra e a súa vida para poder valorar e aproveitar como paradigma o que el fixo e a súa entrega total á causa de Galicia

- A amizade de Francisco Fernández del Riego viña dos tempos mozos do bacharelato, contionuada máis tarde en Santiago. A guerra civil esnaquizou moitas cousas e houbo que volver a empezar. Del Riego acaba asentándose en Vigo como profesor en colexios privados e tamén como redactor da Revista Industrias Pesqueiras da man de Paz Andrade. En Vigo tamén se fai cargo da dirección e xerencia da Editorial Galaxia. Cunqueiro ven para Vigo e pasa a formar parte da plantilla de Faro de Vigo. De novo se retoma a amizade truncada pola separación da guerra e Paco del Riego coñece ben a valía literaria de Cunqueiro. Anímao para que publique en galego. Van saíndo en Galaxia As crónicas do Sochantre, Merlín e Familia, Se o vello Simbad volvese ás illas, ... Cunqueiro escribe, del Riego está detrás animando e apoiando. Hoxe dispoñemos desa marabillosa obra literaria de Cunqueiro en lingua galega, que en boa medida se debe

á teimosía de del Riego. No centenario do nacemento de Alvaro Cunqueiro, neste ano 2011, Paco del Riego e el siguen camiñando xuntos en moitas travesías.



- ¿Cal foi o labor de don Paco na Biblioteca Penzol?

- O día 7 de abril de 1963 formalízase diante de notario a Fundación Penzol. A partir do primeiro día de funcionamento don Paco ocupa o posto de Director da mesma. Para aqueles tempos de escasos recursos económicos, onde as axudas oficiais eran escasas e nunca chegaban a este tipo de obras que se consideraban contarias ao "réxime", organizar e xestionar a Fundación Penzol non foi tarefa doada. Del Riego exerceu o labor de organizador e con el dúas persoas arquivistas/bibliotecarias entregaron o seu tempo de maneira desinteresada para a catalogación dos fondos. Nos comezos Olga Gallego soía e máis tarde sumouse Pedro López. Con eles e coa presenza cotián de don Paco, recibindo aos in-

Cunqueiro escribe, del Riego está detrás animando e apoiando. Hoxe dispoñemos desa marabillosa obra literaria de Cunqueiro en lingua galega, que en boa medida se debe á teimosía de del Riego

Del Riego sempre estivo ao pé do cañón ata a fin do ano 2009 cando a idade, 97 anos, e as poucas forzas e a carencia de vista xa non lle permitiron seguir

vestigadores e investigadoras, orientándoos nos seus traballos, aportando aquel dato ou aquela información dos fondos que el coñecía como a a palma da súa man, a Fundación Penzol foi asentándose entre os estudosos de Galicia cunha imaxe de primeira importancia, abalada por unha xestión de calidade e con seriedade, cun prestixio que nace sobre todo no baseamento do pasado para construír unha nova Galicia sen esquecer a nosa memoria. A Fundación acolleu así a todos os que se sentían galeguistas querían reconstruír o noso pasado e facer propostas de futuro para una Galicia mellor e máis dona de seu. Foi a fragua onde se forxaron moitos mozo se mozas galeguistas. Del Riego sempre estivo ao pé do cañón ata a fin do ano 2009 cando a idade, 97 anos, e as poucas forzas e a carencia de vista xa non lle permitiron seguir. Sempre fixo o seu traballo dunha maneira xenerosa. Nunca cobrou nada por el. Era dos bos e xenerosos. Dicir del Riego é dicir Fundación Penzol.

- ¿Que supón para vostede o suceder a don Paco á fronte da Biblioteca Penzol?

- Cando un ten que ocupar o posto que durante 47 anos ocupou unha figura como Francisco Fernández del Riego, o primeiro que sinte é a súa pouquedade fronte a quen o precedeu. Eu non podo substituír a don Paco, todo o máis tratar de recoller o facho que el me entregou para que a Fundación Penzol

siga a desempeñar o papel que ata hoxe veu xogando na cultura galega e na construción da indentidade de Galicia. Non podo deixar de sentir unha gran responsabilidade pola tarefa que se me encomenda. Ben é certo que arroupado por todos os que compoñen o Padroado da Fundación e os técnicos e demáis persoal que xestionan a biblioteca e o arquivo. Pero non podo negar que sinto moito orgullo porque tiven a honra de que don Paco me propuxo ao Padroado para desempeñar esta función de dirección e o Padroado me aceptou por unanimidade. Sinto pois o respaldo e a presenza continua da súa protección e do seu exemplo de entrega de vida á causa de Galicia, que para min é o alicerce máis forte no que podo sustentar o meu traballo. Así que sobre min pesa moita responsabilidade, pero acompañada da satisfacción do respaldo de quen guiou esta casa durante case medio século.

Eu non podo substituír a don Paco, todo o máis tratar de recoller o facho que el me entregou para que a Fundación Penzol siga a desempeñar o papel que ata hoxe veu xogando na cultura galega e na construción da indentidade de Galicia



Rotulou:
ADRIÁN CARBALLEIRA MONTENEGRO, 2º ESO

- ¿Podía contarnos algunha anécdota de don Paco?

Sinto pois o respaldo e a presenza continua da súa protección e do seu exemplo de entrega de vida á causa de Galicia, que para min é o alicerce máis forte no que podo sustentar o meu traballo

- Contarei unha de cando xa estaba postrado na súa casa pola enfermidade e polos moitos anos. O día 24 de xullo de 2010 a Fundación Penzol e a Editorial Galaxia quixemos renderlle unha homenaxe polo tantos servizos que prestou nas dúas entidades. Días antes, e para poder fixar a data, eu falei con el dicíndolle que queríamos levarlle un presente aqueles que compartimos con el os anxeios e traballos por Galicia en Galaxia e en Penzol

- E con que me ides agasallar?, preguntou.

- Será un cariño de todos nós.

- Que veña acompañado duns puros, sentenciou.

E así o fixemos. O día 24 de xullo de 2010, ás 12 do mediodía, logo dunhas palabras de louvanza do noso Vicepresidente Alfonso Zulueta, fixémoslle entrega dunha placa conmemorativa, pero tamén da caixa de puros de Montecristo número 4. Tiña 97 anos, insuficiencia respiratoria, pero non deixaba de fumar o seu puro diario.

- Para o que me queda de vida, dicía.

Escolleron as preguntas:

XAIRO FORMOSO PENA, 3º ESO
DAVID LÓPEZ OTERO, 3º ESO



Rotulou:

DAVID MACHADO MONTERO, 4º ESO

IN MEMORIAM

DON PACO, UN HOME BO E XENEROSO

Francisco Fernández del Riego -don Paco, como moitos lle chamabamos- foi un home "bo e xeneroso". Si, coido que se lle poden aplicar, con toda propiedade, estas palabras dun verso de Pondal recollidas no noso himno.

O pasado día vinte e seis de novembro chegábanos a nova do pasamento, na súa casa en Vigo, de Francisco Fernández del Riego. Don Paco foise en silencio, caladiño, sen facer ruído... coma non querendo molestar

Coñecín a don Paco fai moitos anos e, desde aquela, tiven boa relación con el. Ten colaborado en varios números da revista Amencer do Seminario Santa Catarina de Mondoñedo. A súa derradeira colaboración foi no número 205 (maio-xuño 2009) cun artigo sobre Aquilino Iglesia Alvariño, a quen se lle dedicou monograficamente ese número co gallo de cumprírense os cen anos do seu nacemento. Cando se lle pediu unha colaboración para Amencer, sempre a mandou á volta de correo. Era o primeiro en contestar ó requerimento mandando o seu traballo escrito na súa vella máquina. Foi un home ó que non

lle importou escribir nunha sinxela e modesta revista escolar, algo que non fixeron -nin fan- outros escritores e escritoras do país que parece que teñen a menos colaborar nas revistas escolares. Don Paco, que tamén foi entrevistado para a sección "Hoxe falamos con...", sempre nos deu azos para seguir adiante coa nosa publicación.

Don Paco era un home acolledor, un home respectuoso cos demais e coa súa maneira de pensar. El tiña as súas ideas, a súa maneira de pensar, o seu xeito de ver a realidade... -como temos todos-, pero nunca tratou de impoñerse ou de impoñer as súas ideas e asoballar ós demais. Podemos afirmar, sen dúbida e sen medo a esaxerar, que don Paco foi o "vir iustus" de quen nos fala a Sagrada Escritura, o "home xusto", no que a xustiza acada unha plasmación existencial que reborda o seu significado filosófico para abranguer tódalas virtudes teolóxicas e cardinais. El foi home de fe profunda e ó mesmo tempo sinxela, ou se se prefire popular, á maneira das nosas xentes rurais coas que el estivo en contacto.

Don Paco foi un home bo e xeneroso, un home conciliador, un home que nunca buscou prebendas. De don Paco cómpre salientar como queda dito- a súa disponibilidad para todo o que se lle pedía; a súa sinxeleza para abaixarse a quen queira que fose; o seu espírito observador; a súa actitude de servizo ós demais; a súa fidelidade á súa terra e ós seus homes; o seu talante de persoa tolerante, pero con firmeza de criterios; os seus amplos coñecementos e a súa curiosidade por saber máis; as súas profundas convicións relixiosas.

Penso que estes versos do poema titulado "O velliño das barbas brancas", no que o poeta chairego Xosé Crecente Vega describe a un patrucio da Chaira, se lle poden aplicar moi ben a don Francisco:

*dereito coma un xungo; rexo coma un caxigo;
maduro e seco e bon coma espiga de trigo.*

Félix Villares Mouteira

Francisco Fernández del Riego e Xosé Díaz Jácome: crónica dunha amizade

Armando Requeixo

Francisco Fernández del Riego, aínda que lauretino por nacemento, mantivo sempre cos mindonienses de nación unha moi estreita relación, ata o punto de atreverme a afirmar que, o que andando o tempo chegou a ser un dos persoeiros máis relevantes da cultura galega do pasado século, finca as raíces da súa formación intelectual e humana naquel Mondoñedo admirable da Pregarra.

Tense posto de relevo en máis dunha ocasión a fonda amizade que uniu a Del Riego co seu camarada Álvaro Cunqueiro, mais nada se ten escrito monograficamente sobre o afectivo vencello que o uniu co amigo e compañeiro de angueiras de ambos os dous Xosé Díaz Jácome, asunto sobre o que agora quero ocuparme.

É difícil determinar con exactitude cando se produciu o primeiro encontro entre Del Riego e Díaz Jácome. Probablemente aconteceu nalgúnhas San Lucas ou nas festas do Conde Santo ou mesmo no mítico faladoiro do Pallarego, o músico barbeiro, e seguramente quen fixo os honores da presentación sería o seu común amigo Cunqueiro. O que si está claro é que ambos e dous trabaran xa amizade cando por volta de 1930 comezaran a publicar algúns dos seus primeiros escritos no semanario Vallibria, que na cidade da Paula dirixía Xosé Traperero Pardo, onde Del Riego deu a coñecer diversos artigos e Díaz Jácome algúns poemas.

Que a amizade e camaradería nese tempo entrambos era xa grande demóstrao o feito de que cando xorde a revista Galiza, que Cunqueiro dirixía dende a súa Oficina Lírca do Leste Galego, tanto Díaz Jácome, un dos lugartenentes da empresa, coma Del Riego figuraron como colaboradores da publicación.

Logo deses primeiros anos trinta de coincidencias na xeografía e empresas mindonienses -moitas veces con Cunqueiro como nexo común, como digo-, as vidas de Del Riego e Díaz Jácome vanos afastar, pois o estourido da Guerra Civil fixo que os dous reformulasen as súas andainas: Del Riego, que moito se significara nas filas das Mocidades Galeguistas antes da guerra, acabou en Vigo intentando sobrevivir coa axuda de Paz Andrade e algunhas clases particulares que lograría impartir; pola súa banda, Díaz Jácome marchou para Pamplona grazas á intercesión de Cunqueiro diante de Manuel Cerezales, quen o acolleu na redacción de El Pensamiento Navarro.

Afastados, pois, ambos os dous amigos, estes non volveron reencontrarse ata o outono de 1949, momento no que Díaz Jácome marchou de Pamplona ata Vigo para facerse cargo da xefatura de redacción do Faro de Vigo, á sazón dirixido por Francisco Leal Insua, a quen ambos os dous trataban tamén dende os anos mozos na Mariña lucense.

Sendo, pois, xefe de redacción no Faro de Vigo vai colaborar abondosamente Del Riego ás súas ordes con artigos de temática cultural, en sentido amplo, e tamén, particularmente, de tema galego.



Escritores no Berbés (1961)

Poucos meses máis tarde da chegada de Díaz Jácome a Vigo, Del Riego formaríase parte do xurado que lle concedeu o premio dos Xogos Florais de Vigo de 1950 pola súa composición "A lenda do Cristo", poema que ese mesmo ano reproduciron as páxinas da revista Alba e anos despois (1956) radiou Díaz Jácome para o Galician Programme da BBC que, precisamente, coordinaba Del Riego.

Esa amizade retomada en faladoiros e conversas olívicadas cristalizou na inclusión de Díaz Jácome na magna Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos que Del Riego preparou para a nacente Editorial Galaxia e que viu luz en 1955. Nela apareceron reproducidos diversos textos de Díaz Jácome que este lle enviou ao seu amigo Del Riego xunto con diversas indicacións biobibliográficas que anteceden os versos antologados. É máis, esta sincera consideración da poesía do mindoniense por parte do lauretino reafirmouse cando o último o incorporou á súa Historia da literatura galega (1971) e aínda cando volveu escolmalo para a Antoloxía de poesía galega. Do Posmodernismo aos novos (1980).

Pero o vincallo autorial máis visible entre ambos os dous estableceuse cando Díaz Jácome puxo nas mans de Del Riego o mecanoscrito de Pombal, que acabou por se publicar en 1963 na benemérita colección Salnés, dirixida por Celso Emilio Ferreiro, Emilio Álvarez Blázquez e Salvador Lorenzana, isto é, Francisco Fernández del Riego. Como tamén sería a Editorial Galaxia, na que Del Riego desempeñou sempre un papel decisivo, a que acollería vinte anos máis tarde a publicación de Muíño fidel, o derradeiro poemario de Díaz Jácome.

O destino quixo que recibisen os dous aínda un recoñecemento ao mesmo tempo: refírome ao seu nomeamento como Lucenses do Ano 1988. Tal distinción, outorgada pola Asociación Provincial de Radio e Televisión, concedéuselles durante unha gala que se celebrou o 8 de abril de 1989. Na mesma, Del Riego e mais Díaz Jácome, xunto a Fernando Ónega, foron os únicos en agradecer o honor que se lles facía cunha alocución na lingua de noso.

Uns anos máis tarde, concretamente, o 6 de setembro de 1998, íasenos o primeiro deles, Xosé Díaz Jácome. O amigo que o sobreviviu, Del Riego, non dubidou en responder o chamado dos responsables da cabeceira As San Lucas 98, quen nesa ocasión se dedicou integramente ao poeta falecido, o que explica o subtítulo co que apareceu: En recuerdo de José Díaz Jácome. La Asociación de Amigos de Mondoñedo. Naquel especial inseriu Del Riego unha emotiva lembranza do seu amigo finado que titulou, descritivamente, "Poeta, periodista e amigo" e que remataba con estas palabras: "Unha chea de anos deron con Díaz Jácome na vixilia esplendente da eternidade. Nesa luz ólloo. E nesa luz represéntaseme coas proporcións do máis sentido e auténtico".

Non cabe dúbida, pois, de que os traballos e os días de Francisco Fernández del Riego e Xosé Díaz Jácome, amigos dende rapaces e compañeiros en infindas xeiras, discorren en paralelo para levalos aos dous ao lugar que xustamente merecen: o de persoeiros fulcrais da nosa literatura e a historia do pobo noso recente. Coido que lembrar o aprecio que mutuamente se profesaron e as iniciativas que conxuntamente axudaron a botar a andar é a mellor maneira de honrar a súa memoria. Como conterráneo mindoniense de Díaz Jácome, este non me merecía menos; como amigo de Del Riego, a miña gratitude obrígame.



Lucenses do ano (1989)



Rotulou:

ALVARO BARRERA RUBIÑOS, 4º ESO

Don Paco colaborou, como imos ver, varias veces na nosa revista. Imos clasificar as súas colaboracións en dous apartados, segundo a sección na que foron publicados.

1.- Falamos con...

Nesta sección don Paco foi entrevistado catro veces:

1.1. Na páxina 8 do número 32, correspondente a novembro de 1985, aproveitando que viñera ata Mondoñedo para pronunciar o Pregón das Feiras e Festas de As San Lucas, foi entrevistado polos daquela alumnos do Seminario Uxío Gacio Díaz e Eladio Cortizas Castro, ambos de 7º de EXB.

1.2. No número 87, correspondente a novembro de 1991, os daquela alumnos de 8º de EXB no Seminario Alfonso López Dovale e Nacho Lorenzo Toimil falaron con don Paco, aproveitando que viñera a Mondoñedo para participar nos actos do décimo cabodano do pasamento de Alvaro Cunqueiro, o seu amigo (páxina 3)

1.3. No número 147, correspondente ó mes de febreiro de 1998, aproveitando que fora elixido Presidente da Real Academia Galega, Cristina Villamil Varela de 2º de ESO e Miguel Portela Ares, de 1º de ESO, mantiveron con don Francisco unha conversa, que aparece nás páxinas 3 a 8.

1.4. No número 166, que corresponde a abril de 2000, aparece, nas páxinas 19 a 25, unha entrevista con don Francisco Fernández del Riego co gallo do Día das Letras Galegas que aquel ano lle dedicaron a Manuel Murguía.

2. Colaboracións

Nesta sección aparecen dez colaboracións de don Paco.

2.1. En xaneiro de 1986, no número 34, dedicado a Castelao co gallo dos cen anos do seu nacemento, aparece a primeira colaboración de don Francisco en Amencer, na páxina 22. Eila:

O GALEGUISMO DE CASTELAO

O galeguismo constitúe, sen dúbida, unha nota esencial da personalidade de Castelao. No conto, no teatro, no dibuxo humorístico, nas impresións de viaxes, nos traballos eruditos, o seu talento manifestouse en estreita comunión coa vida e co espírito do seu pobo.

A vida popular de Galicia foi sempre, nefeito, a materia da súa obra literaria e artística. Castelao afondou na alma galega, e acadou unha visión do seu país chea a un tempo de fidelidade e de orixinalidade.

Como dibuxante, o seu lápiz amosouse moitas veces dramático, e traduciu a cotío a superior ironía da súa intelixencia. Abeirou o problema económico e social de Galicia con precioso patetismo. E os matices psicolóxicos das xentes galegas reflexáronse vivos no aceso panorama dos seus deseños.

A querencia que Castelao sentiu polo seu país natal,

expresouna unha chea de veces na súa obra. Pero foi quezais no seguinte anaco, onde manifestou máis vivamente o seu mítico amor polo torrón galego:

«Eu de min sei dicirvos que si despois de morto tivese que voar máis alá das estrelas visibles, para un ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis puidera vela, de boa gana renunciaría á inmortalidade para rematar a miña vida debaixo dunha laxe e convertirme en herbas ventureiras».

2.2. No número 100, que ten data de 25-11-1992, na páxina 49 aparece a colaboración titulada *O poeta de corazón ao vento*.

2.3. O 25 de novembro de 1993 viu a luz o número 110, dedicado ó Ano Santo Compostelán. Na páxina 23 aparece o traballo titulado *Presencia da cidade e do camiño*.

2.4. Na páxina 91 do número 129, dedicado a Xosé Trapero Pardo, no seu pasamento, que saíu en xaneiro de 1996 publícase o artigo *Lembranza de Trapero Pardo*.

2.5. No número 140 (abril de 1997), na páxina 17, aparece o artigo *Anxel Fole, escritor paisaxista*. Aquel ano o Día das letras Galegas fora dedicado ó autor de *Á lus do candil*.

2.6. En maio de 1998, co gallo do número 150, na páxina 83, recóllese o artigo titulado *Alvaro Cunqueiro en Mondoñedo*.

2.7. O artigo titulado *Sentimento da terra en Castela* aparece na páxina 37 do número 167, corresponde a maio do ano 2000.

2.8. No número 171 (abril-maio de 2001) publícase, na páxina 25, o artigo titulado *Galicia e a lingua galega en Cunqueiro*.

2.9. Na páxina 67 do número 194 (marzo-abril de 2007) foi publicada a colaboración *Do país e das falas cunqueirás*.

2.10. A derradeira colaboración de don Paco en Amencer foi publicada no número 205 (maio-xuño de 2009), dedicado ó poeta Aquilino Iglesia Alvariño co gallo dos cen anos do seu nacemento. Eilo:

LEMBRANZA DO POETA E AMIGO

Era Iglesia Alvariño de vella caste de labregos de centeo e pastores de ermos largacios. Os que nas paisaxes de Abadín agasallan o peche do horto mindoniense. Na aldea de Seivane, emprazada na Graña de Vilarente, viviu desde neno, e na adolescencia, a vida rural o poeta. Os traballos do campo puxéronlle diante dos ollos unha riqueza inesgotable de temas. Chegou un momento no que puido zugar as líricas esenciais no mundo campesino, e darlle elevada categoría estética aos motivos agrarios. Arrincou da pedreira da súa paisaxe as palabras expresivas, e de aí que abondasen nos seus poemas, non só no descritivo senón tamén no enumerativo.

Achegados ao mundo no que naceu están, por unha banda, as paisaxes que se desgalgan polas Sasdónigas cara os vales do Masma. Pola outra, os rexos bastións das serras enmarcadoras dos extensos horizontes do planalto: os derrames do Fitoiro e Cordal de Ousa, o cordal de Neda e a serra de Carba. Despois, na inmensa chaira, as agras de centeo abaladas polo vento, nunha sensación de verde e ondeada pleamar, as ringleiras de bidueiros orelando estradas, ou pastoreando regueiros e camiños. E logo prados e pasteiros, gándaras, illós, meandros preguiceiros e amplas lagoas ou "lomas".

Un día, sendo moi novo, o futuro poeta deixou o seu lugar natal, e baixou a Mondoñedo para ingresar no Seminario. A cidade impresionouno, sobre todo polo seu silencio: Un silencio de lousados negros de pizarras e musgo. O que el mesmo chamou un silencio verde de navais novos e outonías no val, mouro e buzarento pola banda da Corda e Toxiza, dourado de toxeias pola do Padornelo; de penedos escunqueirados e labrados de longas chuvias en procesión de xigantes mudos, cargados de hombreiros e de anos polas rilleiras de Tronceda.

Iglesia Alvariño amou moito este silencio durante a súa longa estada nas aulas do Seminario. Dicia que de tódalas vilas de Galicia, ningunha como Mondoñedo tira tanto dos seus. Tantos camiños como de alí partían, máis só para tornar que para partir. E si un vai para vello, a derradeira ledicia do corazón sería baixala costa de Folgueira Rasa para non subila máis. Escribiu aínda que bispos e señores déranlle á cidade moitas historias e finuras de alma. Pero faltoulle sempre a gracia das fontes e das prazas, das arcadas e igrexas das vilas da beiramar, ledas de oficios e gremios. Entendían que fora sempre labregos e curia que con todo un tremelar: senlleira, como do Cristo de a noite longa de



Mondoñedo unha vila de eclesiástica, na houbo sempre unha alma a luz pequeniña Fiouco, velando lobos e neve.

Ao marxe humanísticos silencio que no envolvía á tamén do rebumdas San Lucas. tan ledo de seu, das greas da de poldriños pequenos, feos,

como caiños, fillos dos montes de Argomoso e de Cadavedo, de Quende, de Galgao e o Cadramón.

dos estudos nas aulas, e do decorrer diario cidade, gozaba bio das festas Nada era para el como a chegada Corda. As greas ludos e xíbaros e duros

En Mondoñedo, xunto co aprendizaxe do latín, o seminarista comezou a valorar a fala que mamara de neno nos eidos nativos. Fillo da aldea, afixose desde a infancia a calcular a hora no monte polo sol dos penedos. Alentou desde o fondo, o aire dos agros e os ventos da lingua. Deuse a rexistrar así cada nova palabra, cada xiro, con amor e profundo respecto. Manexaba as palabras como boinas fuxidías de ilusión. Afirmaba que se

valía do instrumento lingüístico que desde neno o impresionara. Entendía que a súa Galicia era esencialmente o campo, coas súas tradicións, a súa fala e os seus costumes. E que a poesía de Rosalía, Pondal ou Curros, falando das nosas cousas, expresou emocións comprensibles para tódolos humanos, suscitada sempre por algo moi íntimo. Mesmo por iso adicouse máis tarde á recollida do léxico vivo e a esculcar nos textos escritos, para realizar un bó Dicionario do idioma galego; un Dicionario orientado a dar a forma auténtica das palabras e o seu axeitado contorno semántico.

O poeta amigo, nacido e criado nestas terras, foi pois, un sobranceiro cultivador e enaltecedor da lingua natal. Desde a súa nenez a súa alma casou coa luz montañesa que alumou os seus primeiros pasos. Os panoramas que envolven o pequeno recanto da Graña de Vilarente xogaban en achegos e lonxanía, fermosos contrastes. Dunha parte, os ricaces campos da meseta, a aberta Terra Chá. Da outra, os montes que coroan o val mindoniense, a fondura das veigas e dos outeiros florecidos. E, entremedias do conxunto que todos compoñen, os lugariños humildes da montaña, onde medra o verdor augacente do pan mouro como a terra.

Cando contaba pouco máis de viste anos, alá polo 1930, publicou o seu primeiro libro de versos, "Señardá". Tres despois tirou do prelo "Corazón ao vento", quezais a súa obra máis representativa. Cantou nos seus poemas os ceos, as noites, as lúas e a paisaxe. Tentaba consustancializarse cun mundo paisaxístico total, que non é só a luz, a cor, a forma ou o rumor, senón nunha unidade integradora. O todo que o seu verso reflexaba, abranguía ao home, aos montes, as plantas, o ceo, as augas, os animais. Pero tamén algo máis: o que é lume, espírito, gracia, que estando tras e dentro das cousas, compre presentir, intuír tan só. Esta poesía que, en certo xeito, proviña de Noriega Varela, estaba enmarcada no cume labrego, vivo, todo sentidos. Fillo da montaña, o poeta levaba na súa alma a ascese anguriosa dos alongados e severos horizontes. Era evidente a súa raizame labrega, e por iso a terra carnal da que procedía, fíxolle compañía nos seus poemas. A vida rural da infancia e da adolescencia púxolle diante dos ollos unha riqueza de temas inesgotables. Soupo zugar do mundo campesino a súa esencialidade lírica. Nos versos preferiu as cores esvaídas, a luz peneirada, o que máis cadraba coas características da súa paisaxe natal.



Pero a obra poética de Iglesia Alvariño non se cinguiu só ao mundo montañés da súa infancia. Chegou un día na que o seu vivir seguiu a lección dos ríos do país, agromada na alta luz de neve e vento dos cómaros galegos, e foi á procura da gracia das Rías. Asentouse en Vilagarcía de Arousa, onde comezaron a se lle abrir novos camiños. Nos seus silencios e decires, irmanouse agora a queixa longa do Atlántico nas resacas co ruxir do vento nas carballeiras da súa terra.

A presenza dos horizontes nos que estaba a se mergullar, intuíraa xa de moito antes. E el mesmo contárao así: Pola chegada do outono --ben sabía que era o outono polas reinetas e os repinaldos --, ollou a algúns mendicantes extraños que volvían polo camiño de Lugo cara ás Asturias. Entre o San Froilán e a San Lucas, que era cando os camiños ían cheos de feirantes, fora co seu pai a entregar unhas cabezas de gando ao mesón do Quinto. Alí estaban os vagamundos, coas súas alforxas mugrentas, as súas barbas foscas, e o seu xerro branco de viño tinto. Contaban historias de Santiago e Vilagarcía, de campás grandísimas, baixo as que cabían vinte homes en roda; dun botafumeiro que cargaba un carro e de barcos con velas e bandeiras. Foi esta a Vilagarcía da súa nenez, situada na beira do mundo, no remate dos camiños, cunha mar grande, lisa e brillante como un espello. E nela, un veleiro como o que unha avoa súa lle trouxera dos baños de Foz nunha botella, inda que meirande e fermoso.

a redacción

colaboraron



Armando Requeixo
Félix Villares Mouteira

De 2º de ESO

Adrián Carballeira Montenegro

de 3º de ESO

Bruno Esteves Fernández
Xairo Formoso Pena
David Otero López



de 4º de ESO



David Machado Montero
Alvaro Barrera Rubiños
Miguel Angel Rubal Palacios
Guillermo Rubal Pombo

Composición da tapa:
a redacción

HOSPEDAXE "SEMINARIO SANTA CATALINA"

Tlf. 982 521 000
Fax 982 507 080
sestacata@yahoo.es



www.mondonedoferro.org/hospederia

Praza do Seminario, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

A revista **AMENCER** está subvencionada por:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



El Consejo Galés

* **ÁMBITO cultural**